

Choiva ázeda organizou unha "Mostra Fotográfica do Feísmo Urbanístico en As Pontes"

A Asociación Cultural Choiva Ázeda inaugurou o martes 26 de decembro, na Casa da Cultura do Concello, a exposición: "Mostra Fotográfica do Feísmo Urbanístico en As Pontes". Nunha sección da web www.amigus.org, esta asociación expón todas as fotos participantes e os membros agradecen a participación e explican o por qué desta mostra:

Esta mostra fotográfica xurde do "1º Concurso Fotográfico de Feísmo nas Pontes", convocado pola Asociación Choiva Ázeda, ca única pretensión de concienciar, ao poñer en evidencia os efectos (máis cas causas) dos distintos prototipos de feísmo máis demostrativos do Concello das Pontes, e desta forma contribuír a sensibilizar ao estado de opinión da cidadanía pontesa. Esgótanse as explicacións ao falar do feísmo, un fenómeno que transformou a paisaxe de Galicia nas derradeiras décadas e que, curiosamente, desaparece ao atravesar as fronteiras que delimitan a nosa comunidade autónoma. Nós entendemos, en poucas palabras, o "feísmo arquitectónico, urbanístico ou paisaxístico" como todas aquelas construcións ou obras humanas que degradan dalgún modo o seu entorno, desentoando por unha ou outra causa co entorno, e constituíndo un elemento desagradable para a vista. Polo tanto "FEO" é a expresión que mellor exemplifica case tódolos males que aqueixan ao urbanismo pontés e galego.

As imaxes expostas nesta exposición, representan unha selección das 200 fotografías presentadas ao concurso polos participantes, permitíndonos captar a atención do receptor do fenómeno do feísmo local dende 23 perspectivas distintas e complementarias.

Queremos agradecer aos membros do xurado encargado de face-la selección das fotografías, pola complexa labor de premia-las instantáneas que mellor reflexaron os desmanes urbanísticos, e no que primaron en gran medida, o abandono do casco histórico local, os permisos de novas edificacións e reformas, así como a falla de respecto urbanístico

global, desgraciadamente en moitos dos nosos barrios. O xurado estivo composto por representantes dalgúns dos colectivos máis dinámicos do tecido asociativo local: Asociación Informática Amigus, Asociación de Estudos Históricos Hume, Plataforma Cidadán pola Defensa do Patrimonio Arqueolóxico das Pontes e Irmanamento As Pontes-Lesneven-Carmarthen, así como por unha arquitecta das Pontes que actualmente desenvolve o seu labor en Londres. E por suposto, gracias e parabéns a todos os 23 participantes: Ana Belén Ardao Bouza (1º premio: 300 euros), Carolina Leal Suei-

ras (accésit: 100 euros), David Cabarcos Vizoso (accésit: 100 euros), Hugo Arias, Mª Luisa Gabín Naveiras, Javier Gil Vieco, Fernando Vérez Tojeiro, Miki, Armando Maseda López, Jose A. Blanco, Lúa Rivera Cendán, Marta Bellas Rozas, Serpa, Celia, Natalia Corral Franco, Paser, David Tembrás Alonso "Beabis", Carolina Diguele Parras, Sonia Corral, Jose Mª López, Bico, Edgar e Alex Blanco. E unha mención especial a todos os que nos axudaron no montaxe da exposición: o persoal do Departamento de Cultura do Concello, a xente do Bar Super 8, e como non, a Carol e a Arantxa.



D. Cosme Formoso Antón "Pontés del año 2006"



La asamblea de Amigos de As Pontes, en sesión ordinaria celebrada el día 29 de diciembre de 2006, decidió, por votación mayoritaria, la elección como "Pontés del año 2006" a, D. Cosme Formoso Antón. Cosme, como así lo conocen, es vecino de As Pontes, nacido en la Vilabella hace más de 80 años y uno de los mayores de once hermanos de la familia conocida como "Os Armeiros", de los cuales ocho fueron varones y tres mujeres. Desde niño estuvo siempre entre los metales, el carbón, el fuego y a la búsqueda de la temperatura adecuada para domar el acero más rebelde; en el taller familiar y también participando intensamente en la evolución industrial desarrollada en As Pontes, desde los años 40, por la empresa Calvo Sotelo.

Cosme es hoy lo que siempre fue, un profesional entusiasta de la metalurgia, de toda clase de máquinas y un buen compañero siempre dispuesto a enseñar lo que sabe, a quien quiera aprender.

Tras unha denuncia do BNG, Medio Ambiente reconece que Cuiña non ten permiso para a planta de residuos

O director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Joaquín Buergo, falou opasado 20 de Nadal no Parlamento sobre o depósito de escombros que está a facer a empresa Cuiña na súa canteira de Igrexafeita (San Sadurniño) para cando funcione a planta de tratamento que está a construír. Buergo dixo que a empresa carecía neses momentos de autorización, xa que o permiso caducoulle. Engadiu que a consellería estaba disposta a outorgarlle un novo permiso. Buergo respondeu a una pregunta formulada polo deputado do BNG Fernando Blanco, quen recordou que o propio Concello de San Sadurniño lle denegou licenza municipal a Cuiña para facer esa actuación. Por outra banda, o sindicato UXT en As Pontes manifestou, por medio dunha nota, o seu apoio á planta de Cuiña (unha empresa pontesa) polo emprego que xera -que o sindicato non precisou-. Aconsellou a Blanco que se preocupe máis polo futuro das auxiliares mineiras de As Pontes.

Adega pide que se paren las obras en el interior de la cantera. La Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) solicitó, a principios de enero, al Ayuntamiento

de San Sadurniño que ordene la paralización cautelar de las obras de construcción de una planta de reciclaje de residuos de construcción y demolición que la empresa Cuiña SA lleva a cabo en el interior de una cantera de su propiedad situada en el lugar de Capelo, en la parroquia de Igrexafeita. La entidad ecologista indica en un comunicado que estos trabajos se ejecutan en un entorno catalogado como Espacio de Especial Protección Forestal, por lo que también insta a las Direccións Xerais de Urbanismo e de Conservación da Natureza de la Xunta de Galicia a que se impliquen de forma activa en la resolución de este problema. Al respecto, el director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Joaquín Buergo del Río, aseguró el pasado día 20 de diciembre en una respuesta parlamentaria al diputado del BNG, Fernando Blanco, que la administración autonómica no puede actuar debido a que se trata de una competencia exclusivamente municipal. En este sentido, Buergo del Río apuntó que tiene que ser el propio Concello el que dicte un decreto para obligar a la compañía a suspender la actividad y, en caso de ser necesario, precinte las instalaciones.